

COMUNICADO sobre o convenio de TRANSPORTE METROPOLITANO



AER aposta claramente polos servizos públicos de transporte colectivo, como o autobús e o tren de proximidade. Sobre todo por seren a auténtica alternativa de mobilidade responsable e respectuosa co noso entorno; e evitando así a falcatruada de expropiacións e desfeitas que supoñen as macroestruturas como a ampliación de AP-9 ou a nova autovía que nos teñen proxectada, A-57. Todo iso consecuencia da política de asfalto e formigón á que nos teñen acostumados os distintos gobernantes deste país o longo dos anos.

Aclarado isto, debemos posicionarnos claramente en contra do procedemento establecido para a instauración dun modelo de subvención pública de transporte colectivo privado polos seguintes motivos:

1.- Falta de respecto absoluto aos representantes da cidadanía, dado que publican unha proposta que debendo ser aprobada polos respectivos plenos, sae na prensa como un feito consumado. Non temos nada que dicir? Nada que preguntar? Nada que propoñer?. Ese é o modelo democrático ao que está acostumado o PP; incluso cando non ten maioría.

2.- Como mostra do anterior, resulta que pretenden que tódolos concellos que din adscritos a tal convenio convocarán Plenos para a mesma hora e o mesmo día. Por que? Teñen medo que haxa algún rebelde e se contaxien outros?

3.- Os termos do Convenio están establecidos dun xeito que só coñece a Xunta. O que nos din é que teremos que pagar unha parte do billete para aforrarlle ao usuario no seu importe, e falan dunhas cantidades (sobre 50.000€/ano para Redondela) que non sabemos de onde saen, “pero” que non son fixas nin teñen teito. Cales son os datos que avalan tales cálculos? Por que o aumento de viaxeiros promovido polos concellos non repercute nunha baixa das subvencións e só supoñen beneficios para as empresas concesionarias? Cales son as contrapartidas destas empresas a este importante esforzo para aumentarlles o volume de negocio?

4.- Como é posible que sexa levado este punto á xunta de voceiros e non se presente a documentación, nin o informe xurídico de secretaría, nin da Xunta. E, polo que sabemos, non existe informe do servizo de intervención que fundamente a viabilidade deste custe engadido.

5.- Como é posible que un convenio deste calado non teña unha rolda previa de consultas coa veciñanza, convocando xuntanzas informativas e de recollida de propostas dos que realmente van utilizar este servizo. Nin sequera entregaron o borrador do convenio nin informaron nos consellos parroquiais. Imaxinamos que a veciñanza, sobre todo a das parroquias, terá algo que aportar en canto a frecuencias, lugares de parada, rutas... ou o obxectivo do convenio é simplemente un abaratamento do custe do billete sen plantexarse posibles melloras deste servizo?

Non, señores e señoras do PP, así non. Queremos os datos, os informes, as análises de repercusión económica e **SOBRE TODO,** que se establezan límites ao enriquecemento que suporía esta mellora do TRANSPORTE PÚBLICO “PRIVATIZADO”.

**E, SOBRE TODO, ESIXIMOS O DEREITO DA VECIÑANZA A OPINAR,
PROPOR, A SER ESCOITADA PORQUE, CANDO MENOS, E TAN LISTA
COMA VOSTEDES.**